

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE RIÓS PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA INTEGRAL DE ENVELLECIMIENTO ACTIVO E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA O EJERCICIO 2025.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento; no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia; no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Dona Eva María Barrio López, en calidade de Alcaldesa do Concello de Riós (Ourense), [REDACTED], e enderezo na Praza Do Cruceiro nº 139, tal como se reflicte na acta da sesión de constitución deste concello, que tivo lugar o día 17 de xuño de 2023, en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Terceiro.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas funcións e competencias as relativas á atención das persoas maiores e, no marco desas competencias, están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades



de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

Cuarto.- Que o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, unifica os criterios nos procedementos de concesión, xestión e xustificación das subvencións ás entidades locais galegas para evitar disfuncións administrativas e inseguridade xurídica e establecer unha serie de mecanismos que teñan como principio inspirador a lealdade institucional nas relacións subvencionais entre a Administración autonómica e as entidades locais.

Quinto.- De conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro e na lexislación de aplicación sobre réxime local, correspóndelles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, letra i), da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.
- d) A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.
- e) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.
- f) A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- g) A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.
- h) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.
- i) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.
- j) A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.
- k) Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente.

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no



artigo 60 da referida Lei 13/2008, do 3 de decembro, os concellos de Galicia, segundo o establecido no artigo 60.1.b) desta mesma Lei, poderán crear, xestionar e manter servizos sociais comunitarios específicos, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente. Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 62 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da referida Lei, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente. Así a referida norma no seu artigo 64 prevé que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Sexto.- O concello de Riós está inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais como entidade prestataria de servizos sociais, co número E614 e recoñecido como así se determina no art. 66 da Lei 13/2008 do 3 de decembro.

Sétimo.- O carácter singular que motiva a concesión directa dunha subvención a través do presente convenio, en base ás razóns que acreditan o interese social do programa a subvencionar, radica na análise das circunstancias demográficas do Concello de Riós, da cobertura de servizos sociais públicos actuais e da estimación da poboación maior que demandará nos vindeiros anos un servizo asistencial.

O dito concello, sito nunha zona de alta montaña na provincia de Ourense, que conta actualmente cunha poboación de 1.374 habitantes distribuídos en 35 núcleos de poboación ao longo dos seus 112 Km², dos que 586 son persoas maiores de 65 anos o que supón o 42,65% da súa poboación residente e cunha dispersión xeográfica que aumenta as posibilidades de illamento social, sentimento de soidade e agravamento de procesos de dependencia.

A alta porcentaxe de persoas maiores, a dispersión xeográfica, o descenso da natalidade e o aumento de persoas novas que abandona o Concello na procura de maiores oportunidades de emprego, son factores que evidencian a necesidade de poñer en marcha por parte do Concello un programa dirixido a promover a participación activa, loitar contra a soidade non desexada e eliminar os estereotipos existentes en relación ás persoas maiores residentes no Concello de Riós, a través da realización de actividades socio educativas e de ocio.

O envellecemento comporta un aumento da vulnerabilidade física, psicolóxica e social das persoas, o que xera maior risco de chegar a situacións de dependencia, de perdas de apoio social e consecuentemente de exclusión, sendo máis acusado en zonas rurais con gran dispersión xeográfica e despoboación.

O proceso de envellecemento non é lineal e inmutable senón que é susceptible de atrasarse como consecuencia de actuacións orientadas a mellorar a esperanza de vida saudable nas persoas maiores, aumentando deste xeito a súa calidade de vida e previndo a aparición de deficiencias asociadas á idade.

Con esta finalidade artéllase a concesión dunha subvención directa ao Concello de Riós, a través deste convenio para a realización dun programa integral orientado a fomentar unha vida activa e saudable na procura dun envellecemento activo e de prevención da dependencia.

O programa está destinado ás persoas maiores de 60 anos residentes no Concello de Riós.

As actividades a subvencionar a través deste convenio agrúpanse en tres grandes áreas: ocio terapéutico, estimulación cognitiva e memoria para maiores, e socialización e mellora da autoestima e teñen por finalidade:

- a) Mellorar e/ou manter a capacidade cognitiva e funcional das persoas usuarias.
- b) Mellorar as súas relacións psicosociais.
- c) Reducir o nivel de estrés e ansiedade asociados á perda de capacidades.
- d) Crear espazos de comunicación, participación e reflexión.
- e) Crear espazos de alivio emocional e autocoidados.
- f) Promover estilos de vida saudables.
- g) Proporcionar información e ferramentas para a mellora na vida activa e saudable nunha sociedade multixeracional.
- h) Ofrecer actividades que melloren e acheguen solucións na percepción de soidade.
- i) Proporcionar información, asesoramento e formación as persoas coidadoras

Segundo o establecido nos artigo 12 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, os servizos sociais comunitarios específicos, competencia das entidades locais, desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. Así, de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, sen prexuízo da súa dedicación a colectivos con problemáticas concretas, os servizos sociais comunitarios específicos actuarán, en tanto que servizos de proximidade, na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida.

As actividades do programa a subvencionar a través deste convenio teñen encaixe entre as funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos, tal que:

- A atención de persoas maiores en equipamentos e servizos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.
- A xestión doutros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores da poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.

As razóns expostas (características da poboación e as actuacións do programa) e a particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve este programa, motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétimo.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese establecer fórmulas de colaboración para o financiamento de programas e actividades no eido da atención ás persoas

maiores, especialmente no fomento da autonomía persoal, na prevención da situación de dependencia e no agravamento desta.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan

ACORDAN:

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento mediante a concesión dunha subvención de carácter directo por parte da Consellería de Política Social e Igualdade do *Programa integral de envellecemento activo e prevención da dependencia* que o Concello de Riós ten previsto desenvolver durante o ano 2025, co obxecto de fomentar o envellecemento activo, a loita contra a soidade non desexada, a interacción e participación das persoas maiores residentes nese concello.

O programa obxecto da concesión da subvención ciméntase sobre un modelo de atención centrado na persoa, e execútase a través de obradoiros de actividades socioeducativas e de ocio.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

1. As actividades constitutivas do *Programa integral de envellecemento activo e prevención da dependencia* proxéctanse sobre as seguintes actuacións específicas:

a) Área de ocio terapéutico no que se desenvolven destrezas físicas, cognitivas, sociais e emocionais e trabállase o resto de áreas ocupacionais, xa que todas están relacionadas entre si. As actividades desta área desenvolverase a través de dous obradoiros:

1º. Obradoiros de promoción da actividade física, benestar e alivio emocional, co obxectivo de favorecer a autonomía das persoas, mellorar e fortalecer o seu benestar físico e emocional e potenciar un envellecemento activo e satisfactorio. Levaranse a cabo actividades como expresión corporal, psicomotricidade, ioga ou outras actividades tales como risoterapia, relaxación, mindfulness ou hixiene do sono.

2º. Obradoiros de habilidades e creatividade, co obxectivo de potenciar o desenvolvemento persoal a través da creatividade e a adquisición de habilidades relacionadas coas diferentes actividades tradicionais da poboación do Concello, favorecer a actividade psicofísica das persoas maiores e promover o establecemento de relacións sociais e interxeracionais.

Realizaranse actividades de adestramento de destrezas de psicomotricidade, de comunicación verbal e relacional, o manexo e utilización de diversos materiais e ferramentas a través da realización de manualidades, artes plásticas ou artesanía tradicional.

b) Área de estimulación cognitiva e memoria para maiores, co desenvolvemento de actividades que permitan ralentizar o proceso de deterioro cognitivo das persoas maiores, fomentando e desenvolvendo rutinas de traballo que axuden no tratamento do deterioro cognitivo en fases leves ou moderadas, potenciando a súa autoestima e motivación.



Levaranse a cabo obradoiros de estimulación cognitiva para promover o mantemento e mellora das funcións cognitivas tales como a memoria, atención, linguaxe ou o razoamento e das habilidades sociais das persoas maiores, favorecendo a súa autonomía e calidade de vida. As actividades que se desenvolverán nos distintos obradoiros, son as seguintes:

1º. Memoria:

- Exercicios de lembranza inmediata e diferida como listas de palabras ou imaxes.
- Técnicas mnemotécnicas como asociación de ideas ou visualización.
- Relembrar datos biográficos persoais e eventos históricos.

2º. Atención e concentración:

- Exercicios de busca de diferenzas.
- Series numéricas e de letras.
- Xogos de palabras e asociacións rápidas.

3º. Linguaxe:

- Actividades de vocabulario e nomeado de obxectos.
- Xogos de palabras encadeadas.
- Creación de pequenas historias grupais.

4º. Razoamento e cálculo:

- Problemas lóxico-matemáticos sinxelos.
- Series lóxicas como números, cores ou formas.
- Actividades de resolución de situacións cotiás.

5º. Práxes e habilidades visuais-espaciais:

- Debuxo de figuras xeométricas e obxectos.
- Copia de patróns e formas.
- Montaxe de puzzles sinxelos.

6º. Habilidades sociais e emocionais

- Xogos cooperativos.
- Dinámicas de grupo para fomentar a comunicación.
- Espazos para compartir lembranzas e experiencias.

c) Área de socialización e mellora da autoestima a través de obradoiros de teatro, música tradicional e actuacións musicais.

1º. Obradoiro de teatro e representacións teatrais.

Mediante esta actividade social, e as posibilidades que esta ofrece, contribuírase a xerar un espazo de recreación, encontro, intercambio e actividade, tanto física como intelectual, que axudará á integración das persoas maiores que tenden a illarse do contexto social e cultural participando de forma activa en actividades sociais e tecendo un novo contexto social.



O teatro pode ser unha arma eficaz para servir de liberación, porque ademais de entreter, divertir, vencer a timidez e eliminar tabues, é un bo instrumento para a comprensión e a busca de alternativas para problemas sociais e interpersoais.

As persoas participantes expresarán as súas vivencias de situacións cotiás a través dun teatro vivo e participativo, no que poderán comunicarse, dialogar, compartir e poñer en palabras o que queiran expresar, utilizando o teatro como experiencia.

2º. Taller de música tradicional e actuacións musicais.

A música ten a capacidade única de chegar ás persoas a un nivel emocional profundo. Estimula recordos, desperta emocións e pode proporcionar consolo en momentos de dor ou tristeza.

Non só escoitala, senón tamén participar activamente nas actividades musicais, pode potenciar, aínda máis, os beneficios para a saúde na terceira idade.

A música axuda a conservar e mellorar as habilidades verbais, estimular a aprendizaxe, exercitar a memoria, manter a atención e concentración e fomentar a creatividade, ao tempo que diminúe a ansiedade e a angustia, fomenta a comunicación e os vínculos afectivos e libera recordos.

A través do taller de música tradicional os maiores do Concello de Riós participarán nas seguintes actividades:

- Tocar un instrumento, para potenciar a creatividade e a coordinación.
- Bailar ao ritmo das cancións, para contribuír á mellora da coordinación, sociabilidade, mobilidade e equilibrio.
- Cantar, para estimular a memoria, a atención e outros aspectos cognitivos
- Participación en actuacións da Banda de Gaitas do concello.

2. As actividades desenvolveranse durante o ano 2025, de luns a venres en horario de 9:00 horas da mañá ás 18:00 horas da tarde e cada actividade terá asignada un número de prazas entre 10 e 15 persoas.

3. Todas as actividades terán lugar nas instalacións do Centro de Día do Concello de Riós, agás as representacións teatrais que se levarán a cabo nas distintas aldeas do concello.

TERCEIRA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o Concello de Riós estará obrigado a presentar ante a Consellería de Política Social e Igualdade a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para as mesmas actuacións con indicación do importe e a súa orixe, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, suscrita polo representante da entidade local, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

c) Declaración responsable do cumprimento da obriga establecida no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, en canto ao cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

CUARTA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que ten previsto desenvolver o Concello de Riós é de **cincuenta e sete mil cincocentos euros (57.500,00 €)**.

Para o cumprimento das actuacións do programa descrita na cláusula segunda deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **cincuenta e sete mil, cincocentos euros (57.500,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **08.05.312E.460.0** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Segundo a Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de persoal e natureza corrente efectivamente realizados para o desenvolvemento das actuacións recollidas na dita cláusula segunda.

QUINTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, son obrigas da entidade beneficiaria:

a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

b) Cumprir todos e cada unha, actuacións do programa a subvencionar a través deste convenio, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial do importe da subvención, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

c) Xustificar ante o órgano concedinte o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das actuacións que conforman o programa a subvencionar a través deste convenio e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedinte, así como a calquera outra actuación de fiscalización e control financeiro que poidan realizar a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas para o que se facilitará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedinte a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta

comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio e nos lugares onde estas se realicen: "subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

j) Presentar a documentación trala sinatura do convenio e no momento da xustificación parcial e/ou total, de conformidade co indicado na normativa de subvencións.

2. Asemade, o Concello de Riós, en tanto que entidade beneficiaria dunha subvención, estará obrigado a subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de de transparencia e bo goberno. No caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da citada lei.

SEXTA. *Compatibilidade con outras subvencións*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actuacións que conforman o programa que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

1. Respecto ao pagamento da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

2. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular o Concello nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 30 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.



b) O 70 % restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actuacións que conforman o programa a subvencionar a través do convenio e achegando a documentación indicada na cláusula oitava.

3. Para a tramitación das condicións de pagamento previstas no número anterior, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, como se indica na cláusula oitava.

OITAVA. Gastos subvencionables e xustificación

1. Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, recollidos na memoria económica. Para estes efectos, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

2. O Concello de Riós está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados de conformidade co establecido no Decreto 193/2011, de 6 de outubro.

3. O Concello de Riós está obrigado a xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade, o cumprimento da finalidade das actuacións do programa a subvencionar a través deste convenio, a realización das actividades e o seu custo real, mediante unha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona de seguido e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto efectuado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Segundo o disposto no artigo 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, a conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace da alcaldesa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención, con especificación das actuacións desenvolvidas en execución do programa a subvencionar a través deste convenio e dos resultados acadados.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables ás actuacións que conforman o programa subvencionado coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non será exixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen o programa subvencionado con indicación do importe e a súa procedencia.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Tendo en consideración que existe gasto imputable a persoal conforme ao establecido no orzamento do programa deberá concretarse aos efectos da súa xustificación e referida á mensualidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

- Relación nominal do traballador/a que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
- Recibos de salarios.
- Documento de relación nominal de traballadores (RNT) e documento de relación de liquidación de cotizacións (RLC) dos traballadores correspondentes aos meses imputados.
- Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Asemade, xunto coa conta xustificativa, no caso de opoñerse á súa consulta, deberase achegar a declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais de 2025 liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, no que se reflecta o importe da retención ou cotización acumuladas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2026.

4. En todo caso o prazo da xustificación total da subvención deste convenio rematará o día **10 de decembro de 2025**.

5. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito á subvención e a procedencia do reintegro do importe desta, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. Subcontratación

O Concello de Riós é a entidade beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución das actuacións que conforman o programa subvencionado fronte á Consellería de Política Social e Igualdade. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución destas actuacións, ata unha porcentaxe do 75 por cento do importe total do programa financiado a través deste convenio, de acordo co recollido na memoria económica.

A autorización baséase na necesidade de execución externa das actuacións previstas na cláusula segunda e pola falla de persoal do Concello de Riós necesario para a execución das actuacións que conforman o programa a subvencionar a través deste convenio.

Para estes efectos será de aplicación o establecido nos artigos 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral*

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio o Concello de Riós poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actuacións citadas na cláusula segunda. Así mesmo queda facultado para designar o persoal do propio concello necesario para realizar as actividades propostas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións obxecto do programa a subvencionar, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do dito programa.

O Concello de Riós asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actuacións establecidas no programa a subvencionar a través do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións a subvencionar a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas ou na demais normativa aplicable, así como polas causas de resolución previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do programa subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actuacións que comprenden o programa a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención concedida a través deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia e efectos*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das accións englobadas nas actividades do programa a subvencionar a través deste convenio que realizase o concello dende o 1 de xaneiro de 2025 e ata o día 10 de decembro, tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

En todo caso o prazo da xustificación total da subvención deste convenio rematará o día **10 de decembro de 2025**.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA. *Información básica de protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de

xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarias os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. *Comisión Mixta de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das actuacións que conforman o programa a subvencionar polo presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes do Concello de Riós, designados por cada unha das persoas representantes das partes, así como ás súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector



público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Se o acto fora expreso, poderá formular un recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución, ou poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Se o acto non fora expreso, poderá interpoñer un recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá formular directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de seis meses que se contará para a persoa solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano ambas as dúas comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e
Igualdade

Polo Concello de Riós

A conselleira

A alcaldesa

Fabiola García Martínez

Eva María Barrio López